
REPASAMOS LINGUA GALEGA

Cangas - 20 de abril do 2020

NOME: _____ DATA: _____



Le o seguinte texto e responde ás preguntas.

Os nenos miraban **pasmados** como Peter pillaba a súa sombra e se puña a xogar con ela.

Wendy preguntoulle a Peter Pan onde vivía.

—No segundo á dereita, todo dereitiño ata mañá.

—Que enderezo máis divertido! —dixo rindo Wendy—. E logo ese é o enderezo a onde che mandan as cartas?

Peter contoulle que nunca recibía cartas. Non tiña pais. Faloulles do País de Nuncaxamais, que é onde viven os nenos perdidos.

—Queredes vir canda min? Ensínovos a voar para que deades chegado alí. Xa veredes como vos gusta. Alí hai moitísimas cousas divertidas, hai sereas, indios e piratas.

Campaña **sacudiulles** un pouquiño do seu po de luz e botaron a voar inmediatamente. Voaron e voaron e, por fin, chegaron a unha illa.

—Mirade, alí hai un barco pirata. É o barco de Capitán Garfo.

Campaña adiantouse e baixou a busca-los nenos perdidos. Rapidamente puxéronse a **construír** unha casa na que ían vivir todos xuntos. Wendy **coidaba** a Peter, ós irmáns e ós nenos perdidos. E ás noites contáballes contos e cantáballes fermosísimas cancións.

Wendy e os irmáns empezaban a pensar en voltar á casa. Os seus pais habíanse de preocupar moito se non os atopaban durmindo ao chegaren. Pero Peter non quería que voltasen.



Quería que quedasen con el para sempre no país de Nuncaxamais. Foi con Campaíña e con eles á súa casa para lles pechar a ventá, coa **esperanza** de que, cando a visen cerrada, pensasen que os seus pais xa non lles querían. E entón voltarían con el.

Pero cando chegaron á casa e Peter viu que os pais estaban tan apenados, abriu a ventá para que **puidesen** entrar. Os tres irmáns puxéronse todos contentos. E en canto entraron no seu cuartiño, metéronse rapidamente na cama.

Os meus contos clásicos favoritos, Edicións Sálvora
Tradución e adaptación: RAMÓN ÁLVAREZ LOSADA

1. Como se chaman os tres irmáns que aparecen na lectura?

2. Rodea as afirmacións verdadeiras e corrixe as falsas.




a) Todas as noites Wendy conta contos aos seus irmáns.

b) Peter Pan recibe cartas todas as semanas.

c) Os tres irmáns chegan a Nuncaxamais en avión.

d) No país de Nuncaxamais viven sereas, indios e piratas.

3. Se tiveses que escribirlle unha carta a Peter Pan, a que enderezo terías que enviarlla? Elixe a resposta axeitada.



4. Inventa un enderezo para a casa nova de Peter Pan e os nenos perdidos.

Exemplo: Camiño do Monte de Marín 23, Cabaña nº 4, Cangas

5. Peter Pan non quere que Wendy, Miguel e Xoas regresen á súa casa. Por que cambia de opinión?

6. Elixe e rodea unha palabra de cada parella para describir como se comporta Wendy cos seus irmáns e os nenos perdidos.

egoísta
xenerosa

preguiceira
colaboradora

interesada
solidaria

7. Escribe unha oración con cada unha das palabras que seleccionaches na actividade anterior. (Metédelle literatura as oración. Non as fagades cortas)

1. _____

2. _____

3. _____

8. Nestes días de quedar na casa, encerrado por culpa do virus Covi19, seguro que os teus pais, tias, avoas e os teus irmáns apóiante en todo o que necesitas. Como os apoias ti? Que fas cando están tristes ou teñen algún tipo de problema?

9. Gustaríache invitar a Peter Pan e a Campaíña a pasar uns días na túa casa coa túa familia? Escríbelles una invitación na que lles contes o que poderiades facer xuntos na vosa casa. (Lembra que estamos confinados e non podes sair da casa)

OLLO!!! Segue unha orde: comeza cun saúdo, continúa co motivo da túa invitación e remata cunha despedida.

10. Que dúas palabras están agochadas en cada caixa? Escríbeas e indica en que liñas da lectura aparecen estas palabras.

